

PROPOSTA DE ACORDO POLO QUE SE APROBA UN PLAN DE CARÁCTER TEMPORAL EN MATERIA DE PERSOAL PARA APLICAR AS ACTUACIÓN S PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DUN ABROCHO DE COVID-19 PREVISTAS NO PROTOCOLO CONXUNTO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA PROVOCADA POLO VIRUS SRAS CoV-2 (COVID 19) NOS CENTROS RESIDENCIAS DE PERSOAS MAIORES E NOUTROS CENTROS SOCIOSANITARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Un.- Obxectivos do plan.

1. Este plan ten por finalidade dotar dos medios humanos necesarios para poder aplicar as medidas para evitar a propagación dun brote de Covid-19 previstas no protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SRAS CoV-2 (COVID 19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

2. O plan circunscríbese, por tanto, ás dúas seguintes medidas concretas:

a) Ás Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19.

b) Ao apoio con empregados públicos de centros residencias intervidos con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención dun abrocho.

3. A dotación e apoio con empregados públicos dos mencionados recursos afecta exclusivamente ao persoal da categoría IV-3, de auxiliar de enfermería, que complementa ao persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde que sirva de soporte asistencial sanitario na residencia integrada ou que apoie puntualmente a residencia intervida.

Dous.- Equipos de apoio auxiliar.

1. Para a dotación de tales medios, créanse os equipos de apoio auxiliar, conformados por persoal laboral fixo, indefinido ou temporal, da Xunta de Galicia que presten servizos na Consellería de Política Social categoría de auxiliar de enfermería (IV-3).

2. Existirá un un equipo de apoio auxiliar en cada provincia, que estará formado por un número mínimo de 10 auxiliares de enfermería.

Tres.- Réxime de prestación de servizos.

1. En tanto non se requira da actuación do equipo de apoio auxiliar, os seus membros continuarán prestando servizos no seus centros de orixe coa xornada de traballo habitual e dentro das quendas que tivesen asignadas.

2. O chamamento dun equipo para a súa asignación a un centro integrado ou intervido realizarase por resolución da secretaría xeral técnica.

2. A xornada de traballo do persoal integrante dos equipos de apoio auxiliar que estén a actuar como tal, será a prevista no réxime de quendas previsto no artigo 18 do V Convenio colectivo

para o persoal laboral da Xunta de Galicia nos centros de atención continuada. É dicir, en quendas de 7 horas de mañá, 7 horas de tarde e 10 horas de noite.

Catro.- Retribucións.

1. Os empregados públicos adscritos ós equipos de apoio auxiliar previstos no presente acordo, percibirán as retribucións do seu posto de orixe, e incluirán, para o caso de que non os viñeran percibindo, os complementos de singularidade de posto por especial dedicación, penosidade, perigosidade e toxicidade e, ademais, un complemento de singularidade de posto por responsabilidade do 15%, calculado segundo se establece no artigo 26.3 do Convenio colectivo.

2. O dereito a percibir os anteriores conceptos do complemento de singularidade de posto queda excluído do cumprimento dos requisitos que para a súa percepción se establecen no artigo 26 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

3. A prestación de servizos nun centro distinto ó de orixe terá a consideración de comisión de servizo con dereito a indemnización cando o centro ao que sexa destinado se atope nunha localidade distinta á do centro de orixe e concretarase en media axuda de custo por mantemento e a contía correspondente por uso de transporte público ou de vehículo particular, se é o caso.

Cinco.- Provisión dos postos.

1. A provisión dos postos de auxiliares de enfermería dos equipos de apoio auxiliar realizarase a través dunha adscrición temporal por resolución do centro competente en materia de función pública, logo de proposta da secretaría xeral técnica da Consellería de Política Social. ~~de acordo co previsto no V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.~~

2. A concesión da adscrición temporal estará condicionada en todo caso as necesidades do servizo do centro de orixe.

3. O posto de orixe do traballador adscrito a un equipo de apoio auxiliar cubrirase por contratación temporal, a través das listas elaboradas ao abeiro do Decreto 37/2006, de 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia. En todo caso, ás persoas adscritas aos postos dos equipos de apoio auxiliar reservaráselle o posto ao que estivesen previamente adscritos con carácter definitivo, indefinido ou temporal.

Seis.-Reincorporación do titular e cesamento do persoal substituto.

Unha vez rematada a actuación do equipo de apoio o dito persoal voltará ao seu centro de traballo a realizar tarefas da súa categoría profesional sen adscrición a posto concreto. En esta situación se manterán un mes dende esa volta, mes no que seguirán percibindo as

retribución salariais que tiñan asignadas no equipo de apoio. Finalizado ese mes, reincorporaranse efectivamente ao seu posto de orixe, momento no que serán cesados, a todos os efectos, o persoal temporal que os substituiu ata ese momento.

Se durante o antedito mes son novamente chamados para realizar outra intervención, continuarán prestando servizo as persoas substitutas temporais.

Seis.- Carreira administrativa.

A adscrición aos equipos de apoio terá a consideración de criterio xeral de avaliación para os efectos de recoñecemento de grao do Anexo I da Sección Segunda do Acordo de concertación do emprego público de Galicia, publicado mediante Orde da Consellería de Facenda do 15 de xaneiro de 2019. Tamén será considerado como mérito nas convocatorias de concurso de traslado que se realicen.